

DENANTES QUE ESCRAVAS, RUMIANTES

Galiza chiringuito
bacallau con pasas e máis touradas
en Lugo hai boas vacas. stop
as ostras están que arden. stop.

arde O Porriño en semana de verbena
Orquesta Panorama. París de Noia. Grupo América
e olé.

as festas de guardar non che son festas
se hai que ir por nécoras ó mar
e Santa Lucia que dirá
se as galiñas non botan ovos xa

nunca choveu que non escampase

vai unha nube de carallo, non vai?

e dicían de Agosto ía ser de inferno
e o Nadal xa arribou na ría de Vigo, no tempo dos fodechischos
que até o pulpo non sabe xa
se é Marzal, Febreiro, Abril ou Xaneiro
a tinta toda a correr pola rotativa co pregón de man
na apocalise final

non hai xa quen pesque peixe fresco en Vigo
nin chocos en Redondela
mais aínda quedan na cesta
caciques de Pontevedra

os camaróns escaparon de Moaña

e seica desviaron o camiño cara Noia
que urxen turistas, din
na ruta da conserveira, experiencia única de tradición galega:
sachar nas ameixas, tirarlle da cuncha ó mexilón

parada en Muros

vivir na Galiza
que bonito é, andar de arrastre
e durmir de pé
comer ensalada a todo correr, un café do Starbucks
e volta, outra vez
a virar e revirar a revolta
na rúa do pez
tacón, punta tacón
e atentas todas á ladaíña das tres
que aquí nunca toca nada, que vai tocar?
se están as mazás todas podres no chan
que non hai quen apañe e vaia ás piñas a monte todo como está

do rasca e gaña, todo para a granada

e os eidos? ermos

Uxío, a final, fixéronche a parcelaria
e cagácheste en Dios.
o lobo escapouseche, miño arriba
seguindo o curso do sil

din que os viron por Madrid

hai que ter mala bile para arrasar con todo canto hai
e aínda dirán que lles tocou en lotería
será por non xogar, logo
que nin terras de noso temos
nin ríos nin pontes nin ventos
son nosos, que temos, dime
que temos?

por ter, non temos nin remorsos de ver marchar coa maleta chea e a todo correr
ó Conde de Fenosa
dereitiño para Barcelona

se é que de aquí todos marchan
e non han marchar?

as que ficamos debemos che ter
a morriña a flor de pel, que nin gastamos papel
non será por non ter queixa
que de queixumes dos pinos imos cheas, e sen barrer a casa

entre estrume e facturas do gas, vivimos
aí che está comendo na mesa, enchendo o papo
os fouciños emporcados en licor café

Reganosa

aquí todos che teñen intereses
e Ratón Pérez amarra dos dentes

e nós?

fieis ó parte na Sexta tv, ou A3
dá o mesmo
e o mesmo dá o que dean
para sabermos de que fala hoxe a veciña no bar
como dá en armar e inventar

a cona, Josito

e nós así, en bucle
coa *Uefa Champions League*
a batalla de galos de feira no Congreso dos Diputados
o último achádego da NASA
a guerra quente no mar do sur

a misa por fascículos

e por moito que miremos e revisemos os contrastes
xa se sabe, ecuación logarítmica de n^{-1} elevado ó infinito
ou o que é o mesmo: un lote de merda de crecemento exponencial

e así andamos: arrodeadas de merda
e non da que dá en sorte

vai sendo hora de sacar a bolsiña
antes de que o fedor dea en gas químico
e aí, si que xa
todas pro carallo 29.